




Proba presencial
04-05-2009

2º ciclo de ESO

Apelidos: _____ Nome: _____


Colexio, Instituto: _____

1.- Un camión mide 4 m de alto e 2,5 de ancho. No seu camiño encontrase cun túnel que ten as seguintes dimensións:



Poderá pasar polo túnel?.

2.- O segmento AB mide 21 cm de lonxitude. O punto P colócase de forma que o cadrado e o triángulo equilátero teñan o mesmo perímetro. Canto mide o segmento AP?. Cal será o perímetro de ambas figuras?.



3.- O gandeiro Pedro Toro pon na cuadra diferentes estilos de música. Pedro ten entre o seu gando unha vaca melómana chamada Rosa. Cada vaca da 10 litros de leite por día pero Rosa só da leite os días nos que a música lle gusta. No mes de xaneiro, o gandeiro Toro obtivo 5350 litros de leite.

Cantas vacas ten?. Cantos días deu leite a vaca Rosa?.

4.- Empregando en cada caso cinco cincos e combinando as operacións básicas (suma, resta, multiplicación e división), poderías escribir os dez primeiros números?.

5.- Nun control de velocidade a policía parou a Andrés por superar a velocidade permitida de 120 km/h. El asegura que o velocímetro marcaba exactamente 120 km/h, pero decátase que na última estación de servizo pola que pasou inflou os neumáticos, polo que puido aumentar o diámetro das rodas. Efectivamente, mide e comproba que é de 56 cm cando o normal son 54. Cal era a velocidade real a que circulaba Andrés?.